

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 22 DE XULLO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:30 horas do día 22 de xullo de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 18 de xullo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais:

D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, secretaria de Administración municipal
D^a. M^a José Loureiro Bada (asiste aos puntos 2.a, 3.a e 8.b)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 8.a, 8.c, 8.d, 9.a e 9.b)
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste ao puntos 2.b)
D^a. Carmen Pintado García (asiste aos puntos 3.a, 8.a, 8.c, 8.d, 9.a, 9.b e 10.a)
D. Rubén Pérez Correa

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congressos (23.062-332) (Enmenda documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 12 de xullo de 2019, o 17 de xuño, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. MULTISERVICIOS EMPRESARIALES LARGO, S.L. (anexo VII ao PCAP "grupo de empresas").
2. GRUPO SIFU GALICIA, S.L.(DEUC por canto o presentado está incompleto)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:29	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A445-EDC44E-3H84C7-89VDFR-BMMF8E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ambos os dous licitadores, presentaron a documentación requirida dentro do prazo concedido. Tras a súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
- MULTISERVICIOS EMPRESARIALES LARGO, S.L.
 - GRUPO SIFU GALICIA, S.L.

b) Procedemento aberto do servizo para o desenvolvemento dun entorno de ferramentas de interconexión administrativa coas administracións xeral (8784-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

1. Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 - IMATIA INNOVATION, S.L., deberá presentar o DEUC por canto o axuntado no sobre A está incompleto.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congresos (23.062-332)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto do servizo para o desenvolvemento dun entorno de ferramentas de interconexión administrativa coas administracións xeral (8784-113)

Este punto retírase da orde do día por canto se abriu un prazo de subsanación do sobre A.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:29	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A445-EDC44E-3H84C7-89VDFR-BMMF8E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (261-441) (informe criterios avaliábeis a través de fórmula con proposta de clasificación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe de data 15 de xullo de 2019 de valoración do sobre C “*proposición avaliábeil mediante fórmula*” coa proposta de clasificación, asinado pola enxeñeira industrial do servizo de Vías e Obras e o xefe da oficina administrativa e de control orzamentario.

O xefe da oficina administrativa e de control orzamentario aclara que neste procedemento non hai criterios avaliábeis mediante xuízo de valor polo que hai que entender por non posta a referencia ós mesmos feita na páxina 3.

A Mesa acorda aceptalo, coa aclaración feita neste acto, por unanimidade dos membros presentes.

Acto seguido publicarase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332) (baixas anormais)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe de data 17 de xullo de 2019 de valoración do sobre B “*proposición avaliábeil mediante fórmula*”, asinado pola xefa do servizo de Educación, no que se pon de manifesto que a oferta formulada por ASCENSORES ASGALI atópase incurso en presunción de anormalidade. A Mesa acorda aceptalo por unanimidade dos membros presentes e iniciar o procedemento previsto no artigo 149 LCSP.

Acto seguido publicarase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) (informe criterios avaliábeis a través de fórmula con proposta de clasificación dos lotes 1 e 2)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:29	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A445-EDC44E-3H84C7-89VDFR-BMMF8E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Entrégase o informe de data 18 de xullo de 2019 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación, asinado por o Xefe da Area de Inversións e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario. A Mesa acorda aceptalo por unanimidade dos membros presentes.

Acto seguido publicarase no perfil de contratante.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) (baixas anormais do lote 3)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe de data 18 de xullo de 2019 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula”, asinado por o Xefe da Area de Inversións e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, no que se pon de manifesto que a oferta formulada por MECANO SPORT, S.L., atópase incurso en presunción de anormalidade. A Mesa acorda aceptalo por unanimidade dos membros presentes e iniciar o procedemento previsto no artigo 149 LCSP.

Acto seguido publicarase no perfil de contratante.

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (261-441)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, acórdase, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (261-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Termo Variable €/ano: kWh/ano x c€/kWh/100	Prezo Total do Contrato IVE incluído
1	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	286.678,64 €	104.119,19 €
2	ENDESA ENERGÍA, S.A.U.	299.032,48 €	109.224,08 €
3	MULTIENERGIA VERDE,S.L.,	308.696,92 €	113.217,65 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:29	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A445-EDC44E-3H84C7-89VDFR-BMMF8E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



administrativas particulares (PCAP).

3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441)(Lotes 1 e 2)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (expediente 219-441) na seguinte orde descendente:

a) Lote nº 1: campo de fútbol de Monte da Mina-Castrelos

Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1.- UTE PRACE - COPCESA	95,88
2.- ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES SLU	80,93

b) Lote nº 2: Campo de fútbol de San Andrés de Comesaña

Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1.- UTE PRACE - COPCESA	95,88
2.- ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES SLU	80,93

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE - COPCESA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación para funcionarios de novo ingreso do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (5.678-213)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:29	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A445-EDC44E-3H84C7-89VDFR-BMMF8E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación para funcionarios de novo ingreso do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 12 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación para funcionarios de novo ingreso do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (5.678-213) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.
- Acreditación da solvencia económica e técnica así como da habilitación profesional (“os licitadores deberán estar homologados polo Servicio de Empleo Estatal (SEPE) ou organismo correspondente da CCAA para impartir a formación regulada no Real decreto 624/2013, do 2 de agosto, para a familia profesional de Seguridade e Medio Ambiente, dentro da Área de Seguridade e Prevención SEAD011 “Extinción de Incendios e Salvamento”) esixidas no apartado 5 das FEC.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais aos cales se comprometeu na súa oferta, conforme ao modelo incluído no Anexo VIII.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A., o día 17 de xullo de 2019, que presenta a documentación requirida o 19 de xullo, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de xullo de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:29	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A445-EDC44E-3H84C7-89VDFR-BMMF8E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A., aberto simplificado para a contratación do servizo de formación para funcionarios de novo ingreso do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (5.678-213) coas seguintes condicións:

- *O prezo total do contrato é de 77.000 euros (exento de IVE).*
- *O instrutor/formador principal terá unha experiencia de 2 anos.*
- *Os instrutores/formadores de apoio terán unha experiencia de 2 anos.*
- *Incrementa o nº instrutores/formadores principais na fase práctica da formación a maiores do mínimo esixido en 1.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12.25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:29	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A445-EDC44E-3H84C7-89VDFR-BMMF8E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:29	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A445-EDC44E-3H84C7-89VDFR-BMMF8E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		